



COLEXIO
CALASANZ
PP. ESCOLAPIOS
A CORUÑA

Estrada dos Fortes nº 10. 15011 A Coruña
Tel.: 981 25 36 84 | Fax: 981 25 40 29
www.escolapiosacoruna.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO



POAP

ELABORACIÓN: DOE	REVISIÓN: DOE	APROBACIÓN: EDE
Data: Setembro 2024	Data: Setembro 2024	Data: Setembro 2024 Acta nº3
Este documento é propiedade do COLEXIO CALASANZ, quen se reserva o dereito de solicitar a súa devolución cando así o estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo, así como ensinalo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito do Centro.		

ÍNDICE

1. Xustificación	3
2. Obxectivos	3
3. Contidos	4
4. Actividades	5
5. Temporalización	7
6. Actividades complementarias	8
7. Metodoloxía	8
8. Avaliación	9
9. Consello Orientador	9
10. Propostas de mellora	9

1. Xustificación.

A **orientación académica e profesional** é unha das principais áreas de intervención do Departamento de Orientación. O seu principal obxectivo é desenrolar unha adecuada capacidade de auto-orientación e de toma de decisións no alumnado para que, desta forma, poidan construír e dar forma aos seus proxectos de vida.

De forma concreta, o **Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP)** é onde se articulan todas as accións relacionadas coa orientación académico profesional. Neste documento traballamos diferentes áreas. Se tomamos como referencia a autores como Álvarez y Bisquerra (2018), as áreas que soen incluírse neste tipo de plans son: (1) implicación e motivación, (2) coñecemento de sí mesmo, (3) información académica, profesional e ocupacional, (4) o proceso de toma de decisións, (5) a inserción laboral e (6) o proxecto profesional.

O **obxectivo** do noso POAP é traballar todas e cada unha destas áreas, pero dende a concepción de que a orientación abarca todo o ciclo vital e, polo tanto, é crucial que exista continuidade e coherencia nas medidas plantexadas. Como tamén é crucial traballar dende un enfoque preventivo, sen perxuízo das accións necesarias para dar resposta ás necesidades concretas do noso alumnado.

Dito isto, **traballaremos** (1) a implicación e motivación e (2) o coñecemento de sí mesmo, nos cursos de 1º e 2º da ESO, pois estas áreas constitúen a base de aprendizaxes posteriores. En 3º e 4º da ESO, momentos nos que a toma de decisións xa ten un papel protagónico, abordaremos (3) a información académica, profesional e ocupacional, (4) o proceso de toma de decisións, e (5) a inserción laboral. Por último, en 1º e 2º de BAC falaremos de (6) proxecto profesional.

Sen perxuízo do anterior, debemos ter en conta que as áreas abordadas están íntimamente relacionadas: non é posíbel falar de **toma de decisións** sen ter en conta a necesidade dun bo **coñecemento de sí mesmo**. Como tampouco podemos falar de **proxecto profesional** sen dispoñer de **información académica, profesional e ocupacional** en base a cal traducilo á práctica. O noso POAP caracterízase, polo tanto, polo seu carácter transversal.

2. Obxectivos xerais do Plan de Orientación Académica e Profesional.

- Desenrolar unha adecuada capacidade de auto-orientación no alumnado.
- Fomentar unha adecuada implicación e motivación no alumnado.
- Facilitar ferramentas que faciliten o coñecemento de sí mesmos.
- Proporcionar información académica, profesional e ocupacional ao alumnado e familias.
- Formar e guiar ao alumnado no proceso de toma de decisións.
- Facilitar a transición entre o mundo académico e o mundo laboral.
- Formar en habilidades para a construción dun proxecto profesional personalizado.

3. Contidos.

Traballaremos os seguintes contidos:

(1) Motivación:

A motivación consiste nun estado interno que activa, dirixe e mantén a conduta das persoas hacia un obxectivo ou fin. É evidente a súa importancia no marco dunha orientación académico e profesional pois, unha vez definido o obxectivo profesional, é necesario emitir unha serie de condutas progresivas ata facelo realidade. E, para a emisión e mantemento de ditas condutas, a motivación ten un papel central. Non obstante, é necesario facer énfase en que a emoción condiciona, pero non determina, a conduta. Neste sentido, ante as emocións negativas é necesario falar tamén de disciplina, entendida como facer o que debemos facer (cognitivo), en lugar de aquilo que nos apetece facer (emocional).

(2) Coñecemento de sí mesmo:

O coñecemento de sí mesmo relacionase coa definición dun obxectivo. Responder á pregunta “¿Quén son?” é paso previo para responder á pregunta “¿A onde quero chegar?”. Para iso é necesario fomentar a reflexión de cada alumno/a para que, desta forma, identifiquen as súas aptitudes, intereses, personalidade e valores.

Neste senso, a intelixencia emocional constitúe unha parte esencial do coñecemento de sí mesmo. Tal é a súa importancia que, no marco desta situación, a Xunta de Galicia publicou o Plan de “Benestar emocional”. Neste Plan recóllese que dende a escola deberase favorecer (1) a resiliencia, (2) o desenrolo das competencias emocionais, e (3) o desenrolo da autoestima dende o marco da educación ética. Todos estes aspectos serán traballados, ben de forma directa ou ben de forma indirecta ou transversal, a través da acción do Departamento de Orientación.

(3) Información académica, profesional e ocupacional:

A información académica, profesional e ocupacional imbrica toda a información relacionada co sistema educativo español, dende a oferta educativa e os recursos dispoñibles, ata as salidas laborais ou os itinerarios formativos, entre moitas outras. Implica coñecer todo o ecosistema académico-laboral, o que servirá de base para asentir un adecuado proceso de toma de decisións e, en extensión, garantir a inserción laboral e a construción dun proxecto non solo profesional, senón un proxecto de vida.

(4) Proceso de toma de decisións:

O proceso de toma de decisións é o proceso mediante o cal o alumno debe seleccionar unha opción fronte a outras. Este proceso é especialmente importante na sociedade actual, coñecida por algúns teóricos como Sociedade da Información (SI) e por outros como Sociedade do Risco. Esta nova sociedade caracterízase por organizarse arredor dun factor crítico: a información. É evidente que a información está presente en todos os ámbitos das nosas vidas. Estamos nunha sociedade hiperconectada na que, en cuestión de segundos, podemos acceder a unha biblioteca mundial e coñecer o que está a pasar a kilómetros de distancia. Pasamos dun problema de “falta de recursos” a un problema de “cómo xestionar esos recursos”. En extensión, resulta imperativo

ilustrar ao alumnado sobre en qué consiste un adecuado proceso de toma de decisións. E poñer de manifesto que, cando temos que facer fronte a unha decisión difícil, non é motivo para sufrir. De feito, é todo o contrario. Enfrentarse a unha decisión difícil é unha oportunidade de crecemento e de madurez, pois elixir é renunciar a outras cousas. E a vida é un constante proceso de renuncia. É vital saber cómo xestionar as emocións que seguen á renuncia. Se partimos dun adecuado coñecemento de sí mesmos, sobre o que construír un adecuado proceso de toma de decisións, teremos como resultado un alumnado satisfeito coa vida que él mesmo está decidindo e construíndo.

(5) Inserción laboral:

A inserción laboral consiste no proceso de transición do académico ao laboral. Este é o fin último da orientación académica e profesional (conseguir traballo), pero non é o mais importante. O mais importante é o proceso que conduce a esa inserción laboral, pois conseguir traballo non é mais que o indicador de que as cousas se fixeron de forma adecuada. Pero o tema da inserción laboral non é menor: o alumnado necesita ter unha serie de habilidades, mais alá do seu coñecemento académico, que lle permitan dar valor ao que saben. Atendendo aos 4 pilares da educación que plantexa a Unesco, suporía pasar de “aprender a coñecer” a “aprender a facer”, sen esquecer o “aprender a vivir xuntos” e o “aprender a ser”. En inserción laboral traballaranse aspectos como o deseño dun currículum vitae, habilidades sociais para o emprego, cómo afrontar a unha entrevista de traballo, etc.

(6) Proxecto profesional:

O proxecto profesional sería a conxunción de todo o anterior. Consiste nun plan onde se explicitan de forma detallada todos os pasos a seguir para acadar o obxectivo persoal de cada un, é dicir, qué vida laboral me gustaría ter. Non obstante, o que consideramos prioritario non é a elaboración dun documento como tal chamado “Proxecto profesional”, senon mais ben o plantexamos como unha toma de conciencia dun mesmo e do entorno e que, dende esta, se articule un proceso cuxo fin último é conseguir un traballo. Pero non solo se trata de conseguir traballo. Trátase de satisfacción coas decisións, de autorregulación emocional, de madurez, etc. Trátase de educar para a vida.

4. Actividades

Para desenrolar os contidos propoñemos as seguintes actividades. Cabe ter en conta que as necesidades do alumnado son diferentes en función da súa idade e, en extensión, os contidos a traballar serán diferentes según o curso. Neste senso, a intervención nos primeiros cursos da ESO (1º e 2º) será máis inespecífica, relacionada co autoconhecimento. A medida que progresamos en idade e curso (3ºESO e sucesivos) traballaranse contidos máis relacionados con mundo laboral (información concreta, inserción laboral e proxecto profesional).

En primer lugar, a “motivación” traballarase a través das seguintes actividades:

1. **Titorías de cohesión grupal)** (1ºESO, 2ºESO, 3ºESO, 4ºESO e, según necesidades, 1ºBACH e 2ºBACH): Intentarase xerar un ambiente motivador que funcione como

catalizador da acción. Para iso, levaranse a cabo titorías de cohesión grupal, ademais de deixar algún oco para titorías libres co obxecto que o profesorado titor teña liberdade para abordar os temas que mais preocupen ou interesen a súa titoría. Por outra banda, tendo en conta que BACH non conta cunha hora de titoría propiamente, poderase enviar material ao profesorado titor a petición deste por si quixera realizar algunha dinámica de cohesión grupal nalgún momento do curso.

En segundo lugar, o “coñecemento de sí mesmo” traballarase a través das seguintes actividades:

1. **Titorías de intelixencia emocional e técnicas de estudo (1ºESO e 2ºESO):** En 1ºESO e 2ºESO o autocoñecemento traballarase dunha dobre forma. En primeiro lugar, en continuidade co traballo que se realiza dende o PAT en Educación Infantil e Primaria, fomentarase o traballo da intelixencia emocional co obxecto de que o alumnado sexa capaz de adaptarse ao entorno académico e profesional (ex. xestión do estrés, aceptación da incertidume, etc.). En segundo lugar, traballarase o autocoñecemento no plano máis puramente das habilidades instrumentais, abordando diferentes técnicas de estudo e pautas de organización para que o alumnado poida identificar cales se adaptan mellor a súa persoa. Nesta liña, repítese a titoría en 1ºESO e 2ºESO co obxecto de reforzar os contidos traballados e fomentar o éxito académico e previr o fracaso escolar do alumnado.
2. **Aplicación de test de orientación profesional.**
3. **Implementación de programa de técnicas de estudo (1ºESO, 2ºESO, 3ºESO e 4ºESO, puidendo extenderse a 1ºBACH e 2ºBACH):** Aplicarase, según necesidades, a certo alumnado que amose máis dificultades que o seu grupo de pares ou que se considere como unha medida beneficiosa para o seu proceso de ensino-aprendizaxe.
4. **Envío de pautas vía Educamos sobre (1) organización, (2) estudo e (3) xestión dos nervios (ESO e BACH):** Envío de documentos a través de Educamos según necesidades.

En terceiro lugar, a “información académica, profesional e ocupacional” traballarase a través das seguintes actividades:

1. **Charla do profesorado titor en relación aos itinerarios posibles a escoller en 4ºESO (3ºESO):** Charla e resolución de dúbidas.
2. **Charla do profesorado titor en relación aos itinerarios posibles a escoller en 1ºBACH (4ºESO):** Charla e resolución de dúbidas.
3. **Charla sobre FP (4ºESO):** Charla e resolución de dúbidas en relación á FP para o alumnado interesado.
4. **Charla sobre acceso á Universidade e FP (2ºBAC):** Charla e resolución de dúbidas en relación ao acceso á Universidade (proba ABAU, Nerta, oferta, etc.) e FP.

En cuarto lugar, o “proceso de toma de decisións” traballarase a través das seguintes actividades:

1. **Sesións personalizadas no DOE (2ºBACH):** Manteranse entrevistas de orientación profesional co de 2ºBACH co obxecto de apoiar o proceso de toma de decisións.
2. **Sesións individuais no DOE (ESO e BACH):** Manteranse entrevistas individuais co alumnado de ESO e BAC, a demanda. Desta forma, garantimos personalizar e

individualizar a acción orientadora, respondendo así ás necesidades concretas do noso alumnado. Apoirase o proceso de toma de decisións.

En quinto lugar, a “inserción laboral” traballarase a través das seguintes actividades:

1. **Titoría sobre cómo afrontar unha entrevista de traballo (“Rumbo ao mundo laboral”)** (4ºESO): Titoría na que proporcionarase pautas e poñeranse en práctica.

En sexto e último lugar, a “proxecto profesional” traballarase a través das seguintes actividades:

1. **Proposta de alumnado para FP básica (ESO):** Para o alumnado que cumpra as condicións recollidas na lexislación vixente.
2. **Asistencia a UNITOUR, feira de Universidades (2ºBACH):** Asistencia á actividade.
3. **POAP na radio:** En coordinación co profesor de TICS.
4. **Sesión de orientación profesional in vivo en relación ás etapas de Educación Infantil e de Educación Primaria (2ºBACH):** Sempre que haxa un número suficiente de persoas interesadas.
5. **Sesións personalizadas no DOE (2ºBACH)** (xa reflexada no apartado de “toma de decisións”): Manteranse entrevistas de orientación profesional co alumnado de ESO e BACH co obxecto de apoiar o proceso de toma de decisións.
6. **Sesións individuais no DOE (ESO e BACH)** (xa reflexada no apartado de “toma de decisións”): Manteranse entrevistas individuais co alumnado de ESO e BACH, a demanda. Desta forma, garantimos personalizar e individualizar a acción orientadora, respondendo así ás necesidades concretas do noso alumnado. Apoirase o proceso de toma de decisións.
7. **Envío de audios e/ou vídeos informativos sobre orientación profesional (ESO e BACH):** Enviaranse en función das necesidades do alumnado as cales se identificarán, fundamentalmente, nas sesións individuais mantidas no DOE ou por petición do propio alumno/a.
8. **Semana Vocacional (ESO e BACH).**

5. Temporalización

As actividades desenrolaranse tal e como se reflexa a continuación, sen perxuício das modificacións que puidieran sufrir. Estas modificacións reflexaranse na avaliación do PAT. Ademais, tamén poderían existir modificacións nas actividades. Desta forma, poderemos dar resposta ás novas necesidades que poidan xurdir durante o transcurso do curso académico.

- **1ª avaliación:**
 - ESO e BACH: Envío de pautas sobre (1) organización, (2) estudo e (3) xestión dos nervios, según necesidades.
 - 1ºESO e 2ºESO: Titoría de técnicas de estudo.
 - 2ºBACH: Asistencia a UNITOUR.
- **2ª avaliación:**
 - 1ºESO e 2ºESO: Titoría de intelixencia emocional.

- 4ºESO: Titoría buscar traballo (CV, carta presentación, envío candidaturas, etc.).
- 4ºESO: Caderno de orientación profesional (“El Google Maps de la Orientación Profesional”).
- 4ºESO: Charla itinerarios.
- 4ºESO: Charla sobre FP.
- 2ºBACH: Charla sobre acceso á Universidade e FP.
- ESO e BACH: Semana Vocacional.
- **3ª avaliación:**
 - 2ºBACH: Sesións de orientación in vivu en EI e EP (posibilidade).
 - ESO: Proposta alumnado FP básica.
- **Durante todo o curso:**
 - ESO e, según necesidades, BACH: Titorías de cohesión grupal.
 - 2ºBACH: Sesións personalizadas no DOE.
 - ESO e BACH (según necesidades): Sesións individuais no DOE.
 - ESO e BACH (según necesidades): Envío de audios e/ou vídeos de orientación profesional.
 - ESO e BACH (según necesidades): Programa de técnicas de estudo.
 - POAP na radio.

6. Actividades complementarias

As actividades complementarias programaranse ao longo do curso en función da dispoñibilidade dos axentes implicados, e recolleranse na memoria do Departamento. Todo elo tendo en conta a situación sanitaria e as posibles modificacións que puideran existir a este respecto.

7. Metodoloxía

As actividades que propoñemos están destinadas á consecución dos obxectivos.

Para ello utilizaremos unha metodoloxía: **participativa** xa que interactuarán diversos axentes implicados nas actividades, **cooperativa** para favorecer tanto a construción de coñecementos como o traballo entre iguais e, por último, **flexible e aberta** porque pode sufrir modificacións tanto de contido como de temporalización, adaptándose así ás necesidades dos alumnos e das familias.

Gustaríanos otorgar especial importancia ao feito de que sexan os propios alumnos quen, dunha forma **libre, autónoma e reflexiva**, poidan tomar as súas propias decisións en base aos coñecementos e destrezas previas que van a ir adquirindo ao longo do Programa.

8. Avaliación

Unha vez levado a cabo o Programa avaliaremos os obxectivos, as actividades e os recursos propostos. Esta avaliación permitiranos coñecer ata qué punto foi efectivo o Programa. Ademais, ayudaranos a decidir o mantemento ou cambio de obxectivos, estratexias, temporalización ou recursos.

Para avaliar o noso Programa, seguiremos os criterios establecidos no Plan de Acción Tutorial. Aquelas actividades que non se realicen no marco do Plan de Acción Tutorial avaliaranse baixo os mesmos criterios, deixándoo reflexado na Memoria Final do Departamento de Orientación.

9. Consello Orientador

Tal y como se recolle no *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*, o Consello Orientador realizarase nos seguintes termos:

“Ao final de cada curso de educación secundaria obrigatoria entregaráselles ao pai, á nai ou aos/ás titores/as legais de cada alumno ou alumna un consello orientador, que incluírá unha proposta a pais, nais ou titores/as legais ou, de ser o caso, ao alumno ou á alumna do itinerario máis adecuado para seguir, así como a identificación, mediante informe motivado, do grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. Se se considerar necesario, o consello orientador poderá incluír unha recomendación aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais e, de ser o caso, ao alumno ou á alumna sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, ou a un ciclo de formación profesional básica”.

10. Propostas de mellora

Unha vez implementado o POAP e realizadas as avaliacións pertinentes, recollerase na Memoria Final do Departamento de Orientación as distintas propostas de mellora.

Departamento de Orientación